



XVIII Congreso SibE  
XIII Congreso IASPM-España  
V Congreso ICTMD-España

**esmuc** | Escola Superior  
de Música de Catalunya

SIBE | Sociedad de  
Etnomusicología

## MÚSICA E CONFLITO SOCIAL PARADIGMAS, ENFOQUES E RETOS DA ETNOMUSICOLOXÍA CONTEMPORÁNEA

6 - 9 de novembro 2025

**Escola Superior de Música de Catalunya**

Barcelona

Esta edición do **Congreso de SIBE** busca promover a reflexión crítica e a produción de coñecemento arredor do papel da etnomusicoloxía en contextos de conflito social, sen obviar outros temas de interese para a disciplina. Entendendo o conflito como articulación encarnada en toda vida social (Giner 1995), é posible recoñecer múltiples escenarios nos que se levan a cabo disputas de poder e hexemonía. A música, como elemento de grande potencial simbólico, forma parte destes escenarios de conflito, converténdose, nalgúns casos, nunha poderosa arma ao servizo dos estamentos dominantes e, noutros, nun estandarte da resistencia de formas culturais alternativas e disidentes.

O conflito, nas súas formas máis cotiás e ritualizadas, funciona tamén como ferramenta de redefinición dos ordos sociais, de demarcación de territorialidades, tanto físicas como simbólicas, e de fortalecemento da cohesión comunitaria. Ao mesmo tempo, en tanto “drama social” turneriano (1988), o conflito pode operar como revulsivo.

A relación entre música e conflito foi estudada anteriormente desde o enfoque metodolóxico da etnomusicoloxía aplicada, amosando traballos como os de Araújo (2006), O’Connell & Castelo-Branco (2010), Harrison, Mackinlay & Pettan (2010), Haskell, Pettan & Titon (2015), ou Castro Roa (2018). Estas achegas convidan a reflexionar sobre o compromiso que unha disciplina académica como a etnomusicoloxía pode adquirir en escenarios de conflito, sexan estes armados, incurriendo en violencias explícitas, ou cotiás, comportando constantes negociacións entre as diferentes partes implicadas.

Tamén nos levan a reflexionar sobre se é posible tomar distancia dos conflitos que nos rodean hoxe en día e que, como persoas que investigan fenómenos expresivos, tremendamente entrelazados cos espazos políticos, económicos e etnicitarios, nos atravesan a cada paso. As investigacións precedentes demostran que a etnomusicoloxía pode aportar propostas estratéxicas derivadas dun análise crítico do contexto, as cales propicien a resolución de conflitos ao potenciar a utilización de ferramentas e códigos culturais recoñecidos polos propios actores.

O **Congreso SIBE 2025** quere abrir espazos a estas realidades e estudos de caso, invitando ós e ás investigadores a consolidar os referentes xa existentes e a seguir construíndo novos, no marco da etnomusicoloxía contemporánea. A mirada transdisciplinar tamén é benvida, tal e como adoita caracterizar todos os encontros de SIBE. Así, considéranse particularmente interesantes aquelas propostas que aborden estes casos desde a antropoloxía, os estudos culturais, a socioloxía, o folklore, a estética, os estudos de músicas populares, a musicoloxía, a historia, os estudos sonoros ou a pedagogía, sen prexuízo dos xéneros musicais, estilos e tradicións tratados en cada caso particular.

A **SIBE** manterá nesta edición o itinerario de recepción de propostas titulado **SIBE Júnior**, que comezou a funcionar no pasado congreso xeral de Granada (2023) e que gozou de moi boa resposta e acollida. Deste xeito, aquelas persoas que estean a levar a cabo investigacións en programas de mestrado, grao ou posgrao, poden escoller esta modalidade de envío da súa proposta. Isto conlevará unha avaliación máis axustada e en concordancia co estadio investigativo da persoa en formación. Con isto, a SIBE quere fomentar unha maior participación de investigadores noveles que poidan ver en SIBE un espazo idóneo para enriquecer os seus traballos e compartir desde moi ó principio as súas inquiredanzas nun entorno plural.

A continuación, expóñense algunhas liñas temáticas baixo as que se poden enmarcar as propostas enviadas, sendo tamén posible o envío de propostas que traten asuntos que se alonxen da temática principal do congreso:

- Conflito, territorialidade e xeopolítica
- Etnomusicoloxía aplicada e conflito: achegas metodolóxicas
- Música e censura
- Enseñanza formal e informal: transmisións do coñecemento musical
- Tradición oral e conflito
- Tensión ruralidade-urbanidade
- Ritualización e performance
- Propostas pedagóxicas como xestión do conflito
- Conflito e novas tecnoloxías
- Investigación multimodal en contextos de conflito
- Identidades de xénero, música e conflito
- Étnicidades en contextos de conflito

- Perspectivas históricas sobre conflito e música
- Conflito e medios audiovisuais
- Intervención social e repatriación patrimonial
- Propiedade intelectual e dereitos de autor
- Conflito, poder e poscolonialidade

### Conferenciantes confirmadas

- **Prof. Simone Krüger Bridge** - Liverpool John Moores University (UK)



- **Dr. Ana Flávia Miguel** - Departamento de Comunicação e Arte (DeCA), Universidade de Aveiro (UA), Instituto de Etnomusicologia.



### Formatos admitidos

A **conferencia SIBE** aceptará tres tipos de participación: comunicación individual, panel e póster.

As **linguas admitidas** son: castelán, portugués, inglés, catalán, galego e euskera.

## Comunicación individual

Aceptaranse resumos de entre 250 e 300 palabras, xunto cunha breve lista de referencias bibliográficas (e/ou fontes, se procede) e unha relación de tres a cinco palabras clave. Será necesario incluír tamén unha breve biografía da autora ou autoras, así como especificar en cal das áreas temáticas se enmarca a presentación.

As comunicacións non deberán exceder os **20 minutos de presentación**, contándose con 10 minutos para a discusión. Recoméndase a utilización de soporte visual para facilitar o seguimento da exposición.

## Panel

Aceptarase a presentación de propostas para paneis ou mesas redondas organizadas de forma previa ao congreso.

A persoa organizadora deberá enviar un resumo xeral do panel e todos os resumos de cada unha das participacións individuais (250-300 palabras cada un). Tamén deberá aportar unha relación de palabras clave e a lista completa dos nomes dos participantes e as súas respectivas biografías abreviadas.

O formato para os paneis será de **90 minutos**, incluíndo ata tres comunicacións (30 minutos por comunicación). No caso das mesas redondas, aceptarase un máximo de seis participantes, dispoñendo cada un deles de 10 minutos para a súa exposición. Cada sesión, sexa de panel ou de mesa redonda, será moderada pola persoa organizadora do panel ou mesa e deberá deixar polo menos 30 minutos para o debate.

## Póster

Aceptarase o envío de resumos de 250-300 palabras xunto cunha breve biografía da autora e unha relación de tres a cinco palabras clave.

Durante os días de realización do congreso, designarase un espazo para a exposición permanente dos pósteres aceptados e tamén se concretará unha franxa horaria para que cada autora poida presentar o seu traballo nun **máximo de 10 minutos**.

As propostas aceptadas deberán seguir as normas de presentación e deseño de pósteres científicos que se atoparán [aquí](#).

## Envío de propostas

As propostas deberán enviarse a través da seguinte páxina: <https://sibe2025.sciencesconf.org/>

Aceptarase o envío ata o 30 de marzo de 2025.

Cada participante debe ser miembro de SIBE. Faite socio [aquí](#).

## Comités

### Comité científico:

Alicia González Sánchez (Conservatorio Superior de Música de Córdoba)  
Amalia Casas Mas (Universidad Complutense de Madrid)  
Ana Flávia Miguel (Universidade de Aveiro)  
Andrew Snyder (Inet md-Universidade Nova de Lisboa)  
Dario Ranocchiari (Universidad de Granada)  
Enrique Cámara De Landa (Universidad de Valladolid)  
Fernán Del Val Ripollés (Universidad Nacional de Educación a Distancia)  
Francisco Bethencourt Llobet (Universidad Complutense de Madrid)  
Gabriel Rusinek (Universidad Complutense de Madrid)  
Igor Sáenz Abarzuza (Universidad Pública de Navarra)  
Isabela de Aranzadi (Universidad Autónoma de Madrid)  
Iván Iglesias Iglesias (Universidad de Valladolid)  
Josep Martí i Pérez (Institut Català d'Antropologia)  
Karlos Sánchez Ekiza (Universidad del País Vasco)  
Lidia López Gómez (Universitat Autònoma de Barcelona)  
Luís Costa Vázquez (Universidad de Vigo; Conservatorio Superior de Música de Vigo)  
Magda Polo Pujadas (Universitat de Barcelona)  
Marcos Andrés Vierge (Universidad Pública de Navarra)  
Maria Jesús Castro Martín (Esmuc; Conservatori Superior Liceu)  
Marta García Quiñones (TecnoCampus-Universitat Pompeu Fabra)  
Pedro Cravinho (Royal Birmingham Conservatoire)  
Rolf Bäcker (Escola Superior de Música de Catalunya)  
Rubén López-Cano (Escola Superior de Música de Catalunya)  
Ruth Piquer Sanclemente (Universidad Complutense de Madrid)  
Sergi González González (Universitat Autònoma de Barcelona)  
Sílvia Martínez García (Universitat Autònoma de Barcelona)  
Simone Luci Pereira (Universidade Paulista)  
Susana Moreno Fernández (Universidad de Valladolid)  
Susana Sardo (Universidade de Aveiro)

### Comité organizador

#### Directora

Sara Revilla Gútiez (Escola Superior de Música de Catalunya)

#### Comité

Bernhard Bleibinger (Institució Milà i Fontanals-CSIC)  
Horacio Curti (Escola Superior de Música de Catalunya)  
Jaume Ayats i Abellà (Universitat Autònoma de Barcelona)  
Jordi Roquer González (Universitat Autònoma de Barcelona)  
Josep Lluís Lancina Murillo (ICA - Grup d'Etnomusicologia)  
Josep Martí i Pérez (Institut Català d'Antropologia)  
Lidia López Gómez (Universitat Autònoma de Barcelona)  
Luca Chiantore (Escola Superior de Música de Catalunya)  
Marc Heilbron (Escola Superior de Música de Catalunya)  
María Jesús Castro (Escola Superior de Música de Catalunya, Liceu)  
Joaquim Rabaseda (Escola Superior de Música de Catalunya)  
Rolf Baecker (Escola Superior de Música de Catalunya)  
Sergi González González (Universitat Autònoma de Barcelona)  
Sílvia Martínez García (Universitat Autònoma de Barcelona)